



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO CASTRO VALENTE
Promotor	IBERDROLA
Localización	PADRÓN (A CORUÑA), A ESTRADA, PONTECESURES E VALGA (PONTEVEDRA)
Expediente	IN 408A 2020/66

SOLICITANTE: Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 06/10/2021 e número de rexistro de entrada 2021/1856303, unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia. Con data 2/04/2022 e número de rexistro de entrada 2022/797344, remisión dunha addenda do estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

Con data 18/08/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1691177, a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.

Con data 06/10/2022 e número de rexistro de entrada 1985031, a Dirección Xeral de Saúde Pública recibe da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación traslado da resposta do promotor ao informe desta dirección xeral de data 18/08/2022.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta dirección xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta dirección xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo, polo que se emite informe favorable, coas seguintes consideracións:

- Sinalar que cos datos das medicións para a avaliación preoperacional feita, aínda que non engadiron ditos datos á modelización acústica, non se espera que se superen os limiares de protección establecidos na lexislación. Con todo, comprobarase o seguimento dos niveis de presión sonora na fase de obra e de funcionamento e nos casos que se superen os límites legalmente establecidos terase que adoptar medidas protectoras ou correctoras oportunas como son o incremento do illamento dos equipos, o correcto mantemento das instalacións, as pantallas de illamento acústico, etc.
- No referente ao parpadeo de sombras dado que algunhas das edificacións superarían lixeiramente o valor límite recomendado no "caso real" de 8 horas/ano, terase que adoptar as medidas mitigadoras oportunas como a instalación de barreiras ou pantallas ou programar paradas temporais dos aeroxeradores implicados no caso de superar antedito limiar. Deberase realizar un programa de vixilancia e seguimento específico do parpadeo de sombras no plan de vixilancia ambiental.





Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

